



LINGUA GALEGA E LITERATURA

2ª ESO

Ola mozos/as:

Desde agora en diante vouvos enviar tarefas semanais, para que vos organicedes vós mellor. E vouvos indicar que imos facer coa lectura obrigatoria para este trimestre.

Redacción: “Un día de confinamento”

Data de entrega: 22/04/20

1. Forma de entrega, a elixir:
 - i. Podedes facela oral (unha gravación de audio ou vídeo) e enviala.
 - ii. Podedes facela escrita (directamente no correo electrónico ou xuntando un arquivo)
2. Debe ter as seguintes características:
 - i. 1º parágrafo: presentación
 1. Nome
 2. Onde vives (nunha casa, nun piso ...; nunha aldea, nunha cidade, vila...)
 3. Con quen estás confinado/a na casa estes días?
 - ii. 2º parágrafo: Como é un día normal na túa vida de confinado/-a
 - iii. 3º parágrafo: Que é o mellor e o peor desta situación.
 - iv. 4º parágrafo: Que é o primeiro que vas facer cando poidas saír.

Libro de lectura

Data de entrega 14/5/20

Para os que tedes o carné da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, podedes coller os libros dixitais en préstamo, en: <https://www.galiciae.gal/> metendo o número de socio e o contrasinal (soen ser DNI e ano de nacemento respectivamente)

Os que non tedes carné podedes solicitalo na páxina web da biblioteca do voso concello.

Os libros de lectura serán:

(a elixir un deles)

- *Jules Vernes ou a vida secreta das mulleres planta*, de Leticia Costas (non está na biblioteca virtual, polo tanto podedes cambialo por *Balada dos unicornios* tamén de Leticia Costas, que si está).
- *Marxinados* de Pepe Carballude.

Do libro de lectura que elixades facedes un traballo e enviádesmo nunha **gravación** (audio ou vídeo, se non queredes saír vós podedes enfocar co móbil, tableta ou calquera outro dispositivo a portada do libro ou calquera outra cousa). Deberá ter os seguintes apartados:

1. Introducción: Presentádevos vós (nome e curso), presentades o libro (autor/a, título, editorial) e dicides por que elixistes este.
2. Resumo.
3. Tema principal e secundarios.
4. Personaxes:
 - a. Clasificación (principais/secundarios)
 - b. Caracterización (di como son os principais polo menos)
5. Espazo e tempo (lugar e época en que transcorren os acontecementos)
6. Opinión persoal

LINGUA GALEGA E LITERATURA

3ª ESO

Ola mozos/as:

Desde agora en diante vouvos enviar tarefas semanais, para que vos organicedes vós mellor. E vouvos indicar que imos facer coa lectura obrigatoria para este trimestre.

Entrevista: “Acontecementos excepcionais”

Data de entrega: 22/04/20

1. Forma de entrega, a elixir:
 - v. Podedes facela oral (unha gravación de audio ou vídeo) e enviala.
 - vi. Podedes facela escrita (xuntando un arquivo)
2. Debe ter as seguintes características:
 - vii. Entrevistaredes a persoa de maior idade coa que estades convivindo estes días (desde 25 ata 120 anos vale calquera).
 - viii. A entrevista deberá constar das seguintes partes:
 1. Presentación da persoa entrevistada (nome, idade, profesión, situación actual...)
 2. Preguntas (aínda que as fagades orais deben estar previamente preparadas, improvisade o menos posible). Deben ser un mínimo de dez. Interésanos saber:
 - a. Se viviron antes unha situación tan crítica como esta.
 - b. Que nos conten cal foi a situación máis apurada das súas vidas á parte desta.
 - c. A que lle teñen máis medo.
 - d. Se están preocupados por alguén en especial.
 - e. A quen botan de menos.
 - f. Que actividades lles gustaría recuperar.
 - g. Se se senten optimistas ou pesimistas
 - h. Que é o primeiro que van facer cando poidan saír libremente.
 - i. ...

3. Despedida e peche (Dades as grazas á persoa entrevistada pola súa colaboración e pechades como a vós vos guste)

Libro de lectura

Data de entrega 14/5/20

Para os que tedes o carné da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, podedes coller os libros dixitais en préstamo, en: <https://www.galiciae.gal/> metendo o número de socio e o contrasinal (soen ser DNI e ano de nacemento respectivamente)

Os que non tedes carné podedes solicitalo na páxina web da biblioteca do voso concello.

Os libros de lectura serán:

(a elixir un deles)

- *Penúltimas tendencias*, de Carlos Negro **ou** *Poetízate* de Fran Alonso.
- *Unha estrela no vento* de Leticia Costas.

Os dous libro de poesía non están dispoñibles na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, por iso engadín unha terceira opción.

Do libro de lectura que elixades facedes un traballo e enviádesmo nunha **gravación** (audio ou vídeo, se non queredes saír vós podedes enfocar co móbil, tableta ou calquera outro dispositivo a portada do libro ou calquera outra cousa).

Se elixides un libro de poesía debedes seleccionar cinco poemas e logo de cada un:

1. Gravar unha lectura deste (practicade antes para que saia ben)
2. Dicides por que seleccionastes dito poema e que credes vós que nos quere comunicar.

Se elixides a novela, *Unha estrela no vento*, o traballo deberá ter os seguintes apartados:

1. Introducción: Presentádevos vós (nome e curso), presentades o libro (autor/a, título, editorial).
2. Resumo.
3. Tema principal e secundarios.
4. Personaxes:
 - a. Clasificación (principais/secundarios)
 - b. Caracterización (di como son os principais polo menos)
5. Espazo (lugar onde transcorren os acontecementos, importancia que teñen cada un destes espazos na novela)
6. Tempo (época en que transcorren os acontecementos e tempo interno: duración desde o principio ao final, lineal/descontinuo, ...)
7. Opinión persoal

LINGUA GALEGA E LITERATURA

4ª ESO

Ola mozos/as:

Desde agora en diante vouvos enviar tarefas semanais, para que vos organicedes vós mellor. E vouvos indicar que imos facer coa lectura obrigatoria para este trimestre.

Entrevista: “Acontecementos excepcionais”

Data de entrega: 22/04/20

3. Forma de entrega, a elixir:
 - ix. Podedes facela oral (unha gravación de audio ou vídeo) e enviala.
 - x. Podedes facela escrita (xuntando un arquivo)
4. Debe ter as seguintes características:
 - xi. Entrevistaredes a persoa de maior idade coa que estades convivindo estes días (desde 25 ata 120 anos vale calquera).
 - xii. A entrevista deberá constar das seguintes partes:
 1. Presentación da persoa entrevistada (nome, idade, profesión, situación actual...)
 2. Preguntas (aínda que as fagades orais deben estar previamente preparadas, improvisade o menos posible). Deben ser un mínimo de dez. Interésanos saber:
 - a. Se viviron antes unha situación tan crítica como esta.
 - b. Que nos conten cal foi a situación máis apurada nas súas vidas á parte desta.
 - c. A que lle teñen máis medo.
 - d. Se están preocupados por alguén en especial.
 - e. A quen botan de menos.
 - f. Que actividades lles gustaría recuperar.
 - g. Se se senten optimistas ou pesimistas
 - h. Que é o primeiro que van facer cando poidan saír libremente.
 - i. ...

3. Despedida e peche (Dades as grazas á persoa entrevistada pola súa colaboración e pechades como a vós vos guste)

Libro de lectura

Data de entrega 29/4/20

Para os que tedes o carné da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, podedes coller os libros dixitais en préstamo, en: <https://www.galiciae.gal/> metendo o número de socio e o contrasinal (soen ser DNI e ano de nacemento respectivamente)

Os que non tedes carné podedes solicitalo na páxina web da biblioteca do voso concello.

O libro de lectura será:

- *Vento ferido*, de Carlos Casares

Como á parte de ser un libro de lectura obrigatoria, forma parte do temario, ireivos pondo actividades dos relatos.

Do primeiro relato, “O xogo da guerra”, facedes un traballo e enviádesmo nunha **gravación** (audio ou vídeo, se non queredes saír vós podedes enfocar co móbil, tableta ou calquera outro dispositivo a portada do libro ou calquera outra cousa).

O traballo deberá ter os seguintes apartados:

1. Introducción: Presentádevos vós (nome e curso), presentades o libro (autor/a, título, editorial e ano da primeira edición) e dicides que lugar ocupa este relato no libro.
2. Resumo.
3. Estrutura.
4. O tema da violencia (de que xeito aparece neste relato).
5. Personaxes:
 - a. Clasificación (principais/secundarios)
 - b. Caracterización (di como son cada un deles)